



# CGT en ABAI BUSSINES A CORUÑA

15/10/24

## **Mobilizacións contra a destrución de postos de traballo en Movistar e en solidariedade coas compañeiras de Madrid**

Perdemos a conta dos ataques que levou a cabo ABAI, en complicidade con Telefónica, contra o conxunto dxs traballadorxs. Nesta ocasión as súas vítimas directas son as nosas compañeiras do centro de Madrid, na avenida de Córdoba, pero realmente aféctanos a todxs.

O ERTE que quere levar a cabo ABAI afecta a diferentes campañas, Renfe ou Goldcar, pero a parte máis sanguenta está no servizo de atención ao cliente de Movistar (1004), 107 compañeirxs dun total de 140.

Movistar, unha empresa que foi pública e que conta con participación do Estado, leva unha década destruindo postos de traballo impunemente a pesar de que a carga de traballo non diminuíu en ningún momento: as chamadas entran sen parar e a presión nos diferentes departamentos da compañía é insoportable.

De maneira paulatina e silenciosa ABAI e Movistar foron destruindo centos de postos de traballo na nosa plataforma e seguen facéndoo a través de diferentes artimañas.

Na CGT decidimos mobilizarnos en todo o Estado español en solidariedade cos nosos compañerxs de Madrid e en defensa do emprego.

A loita ten que ser colectiva. Por iso, facemos un chamamento a participar nas dúas **CONCENTRACIÓNS** convocadas diante da tenda de Movistar na rúa Barcelona. Terán lugar o venres 18 de outubro ás 11:30 h e o luns 21 ás 18:30 h, para que tanto a quenda de mañá como o de tarde poidan acudir a unha delas.

Hai que loitar e organizarse contra esa mafia e témolo que facer colectivamente porque só así poderemos defender os nosos dereitos.

**A loita é o único camiño**

**Non ao ERTE en ABAI**

**Non á destrución dos postos de traballo**